



Mantido, S.L.

## REQUIRIMENTO

Na data do 19/08/2024, a mesa de contratación, procedeu á valoración das ofertas presentadas á licitación do contrato para a execución do proxecto de obra “Mellora viario municipal de cuadra a Bouza e outro” (Exp.TEDeC 2024/C003/000005)

Do resultado da valoración das mesmas detectouse que a oferta presentada pola empresa Mantido, S.L. (CIF B15819642) está nun suposto de presunción de anormalidade.

Tendo en conta o exposto, de acordo co establecido na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), dentro do prazo cinco días hábiles, contados dende o seguinte á recepción deste escrito, deberá xustificar a dita oferta, acompañando a documentación que se refire a cláusula 12ª do prego, que sinala:“(..).1. Xustificación de prezos ofertados:

### A. Materiais

#### A.1 Compra

-Carta de compromiso dos provedores

-Prezos unitarios detallados

#### A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

-Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

### B. Maquinaria

#### B.1 Alugueiro e/ou contratación

-Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

#### B.2 Medios propios

-Relación detallada da maquinaria

-Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

### 2. Volume de obra:

Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

### 3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarse mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

### 4. Cumprimento de obrigas salariais.

Presentarse declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos

### 5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.(..)”

A documentación deberá presentarse na sede electrónica do órgano de contratación e con sinatura electrónica do representante.

O que lle remito para os efectos sinalados.

O que asino en Vimianzo,

A secretaria da mesa

Ivanna Vidal Domínguez

(documento asinado electrónicamente)